

## PEZA DO MES

decembro

2023



**PROXECTO MUSEOGRÁFICO DO MUSEO  
ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE.  
O TERRITORIO**

## Proxecto Museográfico do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. O Territorio

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, na súa sede histórica na Praza Maior, pecha ao público a principios de 2002, para acometer obras de remodelación integral e adaptalo a unha museoloxía acorde ás demandas da sociedade do novo século. Os servizos do museo trasládanse ao edificio de Santa María de Europa, onde se almacenan as coleccións, agás unha serie de pezas que, baixo o título «Escolma de Escultura» se exhiben na sala San Francisco, que tamén serve de base para outras actividades puntais.

Despois de sucesivas achegas para a tan necesaria renovación do museo, comeza unha nova etapa que ten como obxectivo a súa reapertura, mellorando as condicións de exposición, conservación e divulgación dos bens que custodia. En xuño de 2012, o equipo técnico do museo, redactor do Plan Museolóxico, seguindo as directrices propostas pola Subdirección General de Museos Estatales en *Criterios para la elaboración del Plan Museológico, entrega o Planteamiento Conceptual, análisis y evaluación de la Institución y el Programa de Necesidades arquitectónicas* ao Ministerio de Cultura, administración titular, e á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, xestora do museo. A información favorable de ambos documentos permitiu seguir avanzando nos demais Programas, especialmente no *Programa de Exposición Permanente*, do que se presentou un primeiro avance en 2013, e no que se segue traballando, nas súas diferentes fases, ata o momento actual.

Seguindo estes criterios e en estreita relación co proxecto arquitectónico, desenvólvese o discurso expositivo, tendo en conta que a misión do Museo Arqueolóxico Provincial é dar a coñecer o proceso histórico do seu territorio de referencia, a provincia de Ourense, a través dos bens culturais que integran as súas coleccións. Para iso, a exposición permanente eríxese como principal medio de comunicación dos seus contidos e punto de encontro entre o visitante e a propia institución. Trátase de interpretar a historia de Ourense a través dun itinerario cronolóxico e temático, integrando os restos arqueolóxicos do solar e do propio edificio como un marco de extraordinario valor arquitectónico.

O discurso estrutúrase en tres Áreas Temáticas: A primeira, a modo de introdución, conta a historia centenaria do museo e achega o patrimonio provincial ao visitante a través dunha proxección multimedia, invitándoo a coñecelo.

A segunda abarca os contidos relacionados coa cidade de Ourense e o Antigo Pazo Episcopal.

A terceira, a máis extensa, obxecto desta Peza do Mes, propón un percorrido pola historia do territorio provincial, dende as primeiras evidencias da ocupación humana no Paleolítico ata a Idade Media.

O esquema organizativo desenvólvese en diferentes niveis xerárquicos, o último dos cales é a Unidade Temática. Para cada unha delas elaborouse unha ficha na que se recollen os contidos e obxectivos que se van transmitir. Faise unha relación dos bens culturais que se queren expoñer, os recursos museográficos de apoio e as estratexias comunicativas que axudarán a narrar o relato proposto. Trátase de proporcionar as claves para comprender a evolución histórica da provincia de Ourense, sinalando a súa singularidade.

En canto aos criterios de selección das pezas, tivéronse en conta a súa adecuación á construción do discurso expositivo, a súa importancia científica, o seu interese arqueolóxico e o seu valor museográfico e estético, dando prioridade a obxectos enteiros, para favorecer a súa lexibilidade e desfrute. Elaborouse unha ficha de catalogación individualizada de cada peza na que tamén se recollen os requisitos dos elementos expositivos e as necesidades de conservación.

A exposición ofrece itinerarios alternativos, un sensorial, a través de estacións táctiles cun obxectivo de accesibilidade universal, e un breve, composto polos bens máis relevantes.

O percorrido comeza no primeiro andar, no espazo do pazo ampliado no século XVI, cunha sala dedicada á presentación da primeira ocupación humana, amosando os útiles dos principais xacementos paleolíticos asociados ás terrazas do río Miño.

A continuación, unha ampla sala alberga os contidos relacionados co Neolítico, co descubrimento da agricultura, a domesticación dos animais e a aparición da cerámica.

As diferentes fases do megalitismo están ilustradas mediante os enxovais funerarios das mámoas do Val do Barbantiño, Vereá, Serra Martiñá ou Val de Salas. Os grandes avances e transformacións sociais do Calcolítico explícanse a través dos machados e puñais de cobre do depósito do Roufeiro e dalgunhas pezas campaniformes, que son indicativas dun proceso de complexidade social que terá continuidade na Idade do Bronce.

O esplendor das técnicas metalúrxicas e o elevado nivel tecnolóxico acadado polos talleres atlánticos

está representado polas espadas de Forcas e Mouruás, puntas de lanza e machados de diferente tipoloxía da Idade do Bronce. Xunto a eles, como símbolo do poder dunhas elites, as estelas menhir de Vilar de Santos e Castrelo do Val. O mundo funerario deste momento, tan invisible á vista, pero tan rico e variado, móstrase cos enxovais das cistas de Cameixa, A Forxa ou A Pedrosa, e cos achados nas covas das serras orientais.

A cultura local da Idade do Ferro, a cultura castrexa, tan definitoria para a nosa provincia, introdúcese ao final desta sala mediante un vídeo. A continuación, explícanse aspectos como as actividades económicas, a cerámica ou a ourivería, con obxectos procedentes de diferentes castros e pezas tan emblemáticas como as grandes olas de Santomé, o forno de Castromao ou a arracada de Vilar de Santos. Seguidamente, preséntase o asentamento singular do Castro do Castelo de Laias, cos seus silos, sementes e vasillas.

Á plástica castrexa, unha das coleccións máis significativas e excepcionais do Museo, tanto en calidade como en cantidade, destínase unha sala única. Xunto a pezas como os Guerreiros de Armea, os Sedentes de Xinzo de Limia e o de Pedrafita ou a Cabeza de Rubiás, exponse unha numerosa serie de elementos arquitectónicos en granito, decorados con motivos entrelazados, esvásticas ou rosetas, procedentes dos castros de Armea, Rubiás, San Cibrao de Las ou Castromao, que ilustran a riqueza formal que se acadou na etapa final do mundo castrexo, xa propiamente galaicorromana.

No segundo andar, San Cibrao de Las e Castromao, dous dos xacementos máis coñecidos e emblemáticos da cultura castrexa, diferentes e complementarios, exemplifican a integración dos castros na cultura romana mediante pezas tan relevantes como os vasos cilíndricos de Las e a *Tabula hospitalis* de Castromao.

O campamento romano de *Aquae Querquennae*, de arquitectura militar canónica, a construción da Vía XVIII e a *mansio* de Baños de Río Caldo, fálannos da plena romanización e dunha nova organización administrativa do territorio. Dedícase, despois, un espazo para explicar as relacións comerciais e a circulación monetaria. Vidro, cerámica fina, morteiros e outros materiais de luxo chegan por diferentes vías, mostra da integración das terras ourensás nunha economía de mercado.

O percorrido continúa coa recreación dun ambiente de vila, utilizando pezas procedentes de distintos lugares da provincia. Inténtase transmitir o modo de vida característico dunha vila romana ideal, como

as que puideron existir en Mourazos, A Cigarrosa e Parada de Outeiro, de onde proceden a escultura de mármore de Dioniso e o conxunto de mosaicos. Seguidamente, móstrase o Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé, próximo á cidade, no que se suma valor arqueolóxico e patrimonio natural. As pezas exhibidas ilustran aspectos moi variados da vida cotiá, así como os vínculos que Santomé mantiña con outros lugares do imperio. Obxectos como os broches de cinto, o coitelo tipo Simancas ou o bocado de cabalo, son indicativos da presenza dunha elite con funcións administrativas no ámbito civil e militar.

Ao final desta sala ensínase unha selección da rica colección epigráfica de época romana. Inscricións de carácter votivo, dedicadas a divindades indíxenas, como Reve e Nabia, ou romanas, como Xúpiter, Diana e as Ninfas, se expoñen xunto a aras con epítetos de carácter indíxena, mostra de sincretismo relixioso. Interesantes son, tamén, as lápidas funerarias, como a de Rabal e as honoríficas de Nocelo da Pena, erixidas en homenaxe a Adriano e Antonino Pío.

Nunha sala situada ao sur, na parte renacentista cara ao xardín, a lápida fundacional de Rocas, as fiestras de Camba e Reza Vella e diversos capiteis e modillóns, documentan o importante auge construtivo da época prerrománica, que, promovido pola monarquía astur-galaica, desenvólvese nas beiras do Sil e do Miño. Produto de obradoiros e mestres locais son os relevos figurativos románicos de Camba e un rei David de inspiración mateana, que interpretan as directrices artísticas dos centros monásticos e catedralicios.

Despídese o visitante cun vídeo sobre a arte da Idade Media e a riqueza patrimonial da Ribeira Sacra, que tenta estimular o desexo de coñecer esta extraordinaria paisaxe cultural, escollida durante séculos polas comunidades relixiosas para fundar os seus mosteiros.

En definitiva, a exposición permanente trata de proporcionar as claves para achegar á evolución histórica da provincia de Ourense mediante un discurso científico coherente, inclusivo, ameno e didáctico, comprensible para todos os públicos. Un relato evocador e suxestivo que permita abrir espazos para a memoria e a reflexión.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao, María del Pilar Núñez Sánchez e Ana María Veiga Romero

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

ISSN: 1579-9956